

INFINITIVO CONXUGADO

CASOS NOS QUE SE EMPREGA O INFINITIVO CONXUGADO

Cando o suxeito non está expreso.

Ex.: “Convencino para facermos unha viaxe xuntos”.

Cando ese suxeito é distinto do do verbo principal.

Ex.: “Marchardes con este temporal non parece boa idea”.

Cando o infinitivo ten o mesmo suxeito ca o verbo principal, pero:

- Vai situado antes ca este, normalmente precedido de preposición.

Ex.: “Ao oíren o timbre calaron”. “Para chegares aquí, tiveches que viaxar toda a noite”.

-Vai detrás deste pero a certa distancia.

Ex.: “Viaxaron durante tres horas para por fin chegaren ata aquí”.

Cando en 3ªp.pl. indica indeterminación do suxeito.

Ex.: “Acabaren cos incendios nun ano non é labor doado”

En construcións reflexivas ou con verbos pronominais.

Ex.: “Imos un pouco vellos para deitármonos no chan”.

NON SE USA O INFINITIVO CONXUGADO

Cando o infinitivo ten o mesmo suxeito ca o verbo principal e vai xusto despois ou moi próximo.

Ex.:Prometemos saír a tempo.

Cando o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal.

Ex.: Tedes que chegar antes.

Cando o infinitivo ten o mesmo suxeito e depende

-Dun verbo modal (querer, poder, deber...).

Ex.: O neno non quere durmir. Hoxe non podes saír.

-Dun verbo causativo (facer, mandar, permitir...).

Ex.: “Mandaron retirar os mobles”.

-Dun verbo de sentido (oír, percibir, sentir, ver...).

Ex.: “Sentimos caer as pingas do tellado”.

-Dun verbo de movemento (ir, vir...) en construcións con valor final.

Ex.: “Viñeron coller o libro que lles prestei”.

Cando funciona como termo dunha frase preposicional que modifica un adxectivo.

Ex.: “Estamos cansos de esperar”

Cando aparece precedido dun verbo e unha preposición esixida por este verbo.

Ex.: “Esquecéronse de chamar por teléfono”.